

O GALEGO DOS EMIGRANTES EN PARÍS

JUAN JOSÉ CARRACEDO DOVAL

ós meus avós, que sempre sentiron en galego

I. INTRODUCCIÓN¹

SON moitos os traballos de lingüística adicados ás relacións entre as linguas en contacto. Un dos contactos máis naturais é aquel producido por un movemento de xentes que, ó chegaren ó seo dunha comunidade allea, atopan que o código de comunicación é tamén alleo, de xeito que as necesidades comunicativas os obrigan a adquiriren os elementos fundamentais do código común da nova comunidade². É certo que o desprazamento de poboación non é o único motivo de contacto lingüístico³, pero as características deses contactos son normalmente diferentes das do que chamei contacto natural e, ademais, non é o caso que imos tratar neste artigo, polo que podemos deixalos a un lado agora. Algúns dos estudos do primeiro tipo de contactos tratan de establecer as condicións nas que se produce o proceso de aprendizaxe da segunda lingua por parte dos falantes que sofren as necesidades comunicativas. E o contexto máis doado para facer este tipo de estudos son, a miúdo, os centros educativos ós que se dirixen os que teñen que aprender a segunda lingua⁴.

Pero este artigo quere ser unha invitación para achegarse a unha realidade distinta. A xente que presenta os trazos lingüísticos que describirei nestas páxinas non asistiron a clases de francés ó chegaren a Francia. A maioría destes falantes tampouco alcanzaran en Galicia a que os pedagogos describen como «alfabetización funcional». As características socioeconómicas nas que viviron nas aldeas galegas foron a principal forza que os empuxou a emigrar, pero tamén, como iremos vendo no artigo, son a explicación máis evidente dos fenómenos lingüísticos que presentamos aquí.

Este traballo, que non é unha descrición exhaustiva, nace da sorpresa dun lingüista castelán falante (que coñece o galego materno da súa familia) ó escoita-lo sociolecto dos veciños da aldea que en vez de iren a Madrid foron a París. O obxectivo non é outro que dar a coñece-la evolución sufrida pola lingua galega nunha comunidade moi ben delimitada e a influencia que o galego materno tivo sobre o francés aprendido en París.

A primeira parte do artigo contén unha breve descrición da comunidade que serve de mostra ó estudio. A continuación exporei as características do material lingüístico a partir dos exemplos recollidos grazas á colaboración dos propios galegos emigrados e sobre todo dos seus fillos, máis conscientes ca eles dos erros –na terminoloxía científica, «interferencias lingüísticas»– que os seus pais cometen ó falaren o francés e o galego. E na ter-

¹ Sen intención de esquecer a ninguén, quero agradecer a tódolos que en París me axudaron dalgún xeito a recolle-la información que aquí aparece: Vicente Álvarez, Ramiro e Tino Ana, Benjamín García, Severino Macías, M^a Xosé Pérez, Xaime Varela e Richard Vieitez.

² Esta foi a situación característica dos inmigrantes europeos en Norteamérica, e por iso o estudio americano dos préstamos lingüísticos (Weinreich, Mackey,...) especializouse neste tipo de contactos. Neste traballo serán máis útiles estes métodos americanos que os culturalistas europeos (de Deroy, por exemplo) (cf. Gómez Capuz, 1988:150 ss.).

³ As imposicións políticas dunhas linguas sobre outras en territorios que cambian de dono foron un bo exemplo destes contactos «artificiais» ó longo da historia da humanidade.

⁴ Dou aquí como exemplo algúns dos traballos que aparecen na bibliografía, e que tratan do contacto do castelán e o

francés ou o alemán, situacións próximas ás que eu presento no artigo: Benjamín García Hernández (1985) estudia as interferencias que presentan en castelán e en francés os fillos de españois emigrados a Francia, baseándose en mostras de textos escritos por eles; Karin Vilar (1995) fai un estudio similar en Alemaña; Clive Perdue (1995) analiza o proceso de adquisición do francés por parte dos hispanofalantes (entre outros) adultos inmigrantes en Francia e que acudiron a clase de francés.

ceira parte do artigo darei unha relación das posibles causas destas interferencias, partindo do coñecemento das condicións sociolingüísticas da poboación estudiada. Por último, veremos qué conclusións podemos extraer das reflexións anteriores.

Antes de empeza-lo desenvolvemento do artigo, cómpre referirse ás fontes dos datos empregados. O material lingüístico analizado foi recollido ó longo de tres meses de convivencia con varias familias de galego falantes en París. A fonte principal do estudo é, polo tanto, a conversa diaria e espontánea –o que nos permite descartar calquera tipo de intencionalidade na información dada polos falantes estudados e asegura-la naturalidade e a implantación das interferencias na súa fala cotiá–, e a lectura dos poucos textos escritos por eles ós que tiveren acceso⁵. Por falta de medios técnicos non tiveron ocasión de rexistra-la voz orixinal dos falantes estudados e somete-los datos a unha análise detallada posterior. Por iso as transcripcións fonéticas serán sempre aproximadas e derivadas do contraste persoal entre as diferentes realizacións que escoitei das mesmas palabras durante a miña estancia en París. Unha enquisa feita a tres matrimonios⁶ de galegos de diferentes aldeas dos concellos ourensáns de Viana do Bolo e da Veiga do Bolo axudoume a confirma-las actitudes lingüísticas da comunidade estudiada e a entende-las causas de moitas destas interfeferencias. Algúns destes datos aparecen recollidos agora na páxina web do Centre d'Études Galiciennes de la Sorbonne, na súa sección de «Gallicismes»⁷.

II. DESCRIPCIÓN DA COLONIA DE EMIGRANTES ANALIZADA

Nesta primeira parte quero da-los datos da poboación estudiada que poidan ser relevantes para comprende-los fenómenos lingüísticos que analizarei no seguinte apartado.

Un primeiro dato importante é o demográfico. Segundo a información facilitada polo «Consulado General de España», os nacidos en Galicia resi-

dentos en París son 10.396⁸. Fronte ós 98.267 residentes españois rexistrados no consulado coa data de xullo de 1999, os galegos fan aproximadamente o 10,6 % dos emigrantes españois en París. Entre os galegos, o 19,63 % son nacidos na Coruña, o 14,72 % son nacidos en Lugo, o 37,73 % son nacidos en Ourense e o 27,9 % son nacidos en Pontevedra. O dato da poboación absoluta non é moi fiable se temos en conta o comentario xeneralizado de que a metade dos galegos que traballan en París non están dados de alta no consulado, o que nos permitiría supoñer unha poboación real de case vinte mil galegos. Pero o máis importante é que os datos porcentuais confirman a primeira impresión de que a maioría dos galegos de París son ourensáns de orixe. Esta confirmación lexítima en parte a xeneralización das conclusións que poida presentar neste artigo, dado que a mostra de falantes estudiada foi toda de orixe ourensá.

En relación coa descrición socioeconómica, debo recalcar que estou a falar soamente dos galegos que foron obxecto de estudo neste traballo. É evidente que a situación laboral, por exemplo, de tódolos galegos de París non é a mesma. Pero precisamente os galegos con empregos que esixen unha formación cultural ou intelectual determinada teñen unhas características lingüísticas que quedan fóra do obxectivo deste artigo. As persoas que presentan os trazos lingüísticos descritos aquí –de idade media-alta (50-70 anos)– proceden maioritariamente do medio rural, de aldeas do sur de Galicia moi afectadas pola emigración. O retraso no que vivían esas aldeas nos anos da posguerra axuda a entender, como veremos, moitos dos préstamos léxicos que os emigrantes tiveron que tomar do francés. En Galicia recibiran unha educación irregular e incompleta, que dependeu sempre da oferta de profesorado e da posibilidade deste de chegar á aldea. O traballo na casa ou no campo en moitos casos era preferente sobre a escola, e case todos falan de interrupcións no ano académico segundo as necesidades que a familia tivese deles en cada momento. Nestes cornechos afastados das cidades a normativa nacional sobre política lingüística cumpríase moi raramente. Ás veces os mestres eran os «máis estudiados» das mesmas aldeas e non deixaban de fala-lo galego da casa cando estaban na escola. Por iso podemos afir-

⁵ Diferentes tipos de documentos privados.

⁶ Agradezo a colaboración de Severino, Elsira, Ramiro, Estrella, Xosé e Martina.

⁷ O seu enderezo é: www.chez.com/cega.

⁸ Datos do 1-12-1999. Agradezo a colaboración do persoal responsable dos datos estatísticos do «Consulado General de España en París».

mar que a poboación analizada neste artigo non tivo relación funcional co castelán, aínda que todos o entenden perfectamente e a maioría son capaces de falalo, sobre todo gracias ós medios de comunicación que escoitaron cada vez que viñeron a España e ás canles internacionais que todos ven agora en Francia. Pero a escola serviulles a todos para darse de conta de que o galego que eles falaban non era a lingua da lectura ou a lingua dos rezos. E non soamente conservan a conciencia de que eles non falan nunca ben esa lingua correcta dos libros, senón a de que nin sequera saben fala-lo galego, porque todos teñen claro que o galego normativo que os rapaces deprenden agora na escola non é tampouco o que eles falan toda a vida. E é nesa conciencia de incorrección lingüística na que temos que entender a normalidade coa que observan eles os erros que cometen ó falaren o francés, un xeito de segunda ou terceira lingua que deprenderon co uso e segundo as necesidades laborais de cada un ó chegaren a Francia.

Moitas das persoas analizadas levan máis de trinta anos en Francia, o que quere dicir que pasaron máis de media vida de inmersión lingüística en francés. Sen embargo é sorprendente a escasa facilidade de comunicación que alcanzaron algúns deles en francés e a permanente conservación do galego como lingua diaria e familiar. A calidade do francés de cada un depende das necesidades que tiveron de relacionarse laboralmente coa poboación francesa. É normal que as mulleres que traballaron sempre en contacto con franceses –servicio doméstico, hostelería, porterías,...– teñan un francés moito máis fluído e activo cós homes que traballaron con outros emigrantes en empresas de construción, por exemplo, nas que o único contacto con franceses era o esporádico trato co xefe. En contra da aprendizaxe rigorosa do francés tamén estivo sempre a actitude dos emigrantes respecto á súa permanencia en Francia. Os galegos que viviron a emigración como un medio para saír dun ambiente hostil ó que nunca tiveron intención de regresar, alcanzaron en pouco tempo un alto nivel de integración na vida francesa e de asimilación do francés, ata o punto de chegaren a esquecer-lo galego. É frecuente que estes galegos casasen tamén con franceses e que os fillos non tivesen relación ningunha con España nin co español ou co galego. Son escasos, pero existen. En cambio son maioría os que conservaron tódolos vínculos posibles con España e con

Galicia en particular. Sempre tiveron conciencia de que eles estarían alí mentres non tivesen a posibilidade económica de voltar a Galicia. Ó chega-la democracia, eses lazos aínda se reforzaron máis, porque eles sempre participaron na vida política do concello no que naceron e non na da Francia onde vivían. Cando os problemas económicos xa eran menos, foi a educación dos fillos, comezada en Francia, a que os retivo alí. E agora a maioría espera o retiro para completa-la vida laboral en Francia, mentres os fillos que xa acabaron os estudos buscan traballo en Galicia ou no resto de España coa intención de face-la vida aquí, o que significa que os fillos dos emigrantes veñen a España antes cós seus pais. Toda esta actitude vital descrita non favoreceu a asimilación do francés.

III. DESCRICIÓN LINGÜÍSTICA ⁹

III.1. BASE TEÓRICA:

Como xa teño dito, o obxectivo desta descrición é sinalar as características específicas do galego falado polos emigrantes en París. Neste sentido, a abundante bibliografía sobre o bilingüismo establece unha distinción entre os fenómenos debidos a meros erros producidos pola rapidez de cambio de rexistro lingüístico, e os procesos de asimilación de elementos dunha lingua pola outra. Mackey denomina ós primeiros «interference» e ós segundos «intégration» (Mackey, 1976:308). É interesante o desenvolvemento que presenta este autor dunha metodoloxía específica para medi-lo grao de integración dunha interferencia (Mackey, 1976:315-37). Deámoslle un ou outro nome, o importante é que hai fenómenos de contacto que quedan no nivel da fala mentres outros pasan a formar parte do sistema da lingua. No caso que nos ocupa non podemos dicir que os elementos importados pasen a formar parte do galego, pero si do galego da comunidade estudada, que é un auténtico sociolecto, na medida en que as variedades non son individuais, senón recoñecibles por

⁹ As palabras orixinais dos préstamos aparecen en letra redonda; en letra cursiva reproduzo as palabras adaptadas pola poboación estudada –nas análises dos fenómenos específicos dou a súa transcripción fonética aproximada, pero ó citalas como exemplos translitero as palabras escoitadas para facilitar a lectura–.

tódolos membros do grupo¹⁰. A integración de novos elementos pode ser unha substitución de elementos preexistentes ou cubrir unha deficiencia na expresión dunha realidade concreta. Son estas as integracións máis firmes e que máis atopamos no material estudiado. Neste artigo seguirei a terminoloxía tradicional de Weinreich que chama «interferencia» a todo tipo de elemento alio a unha lingua que aparece nela cando é empregada por un falante bilingüe¹¹, de xeito que o término «interferencias» pode ser aplicado a calquera dos niveis da análise lingüística, nos que clasifico o material deste estudo: léxico-semántico, fonético-fonolóxico, morfolóxico e sintáctico, por orde de importancia no número de fenómenos documentados.

O nivel léxico-semántico é o principal camiño de importación de elementos estranxeiros na propia lingua. Esta importación de lexemas ou de significados é un proceso gradual que nos permite clasificarlos segundo o grao de adaptación. Na incorporación de lexemas podemos observar dous estadios: o primeiro é a simple reprodución da palabra francesa, sen outra adaptación cá fonética. Estes son os que podemos chamar rigorosamente préstamos (Deroy, 1956:224-30). O segundo estadio da adaptación consiste en aplicarlle ó lexema importado os elementos morfolóxicos da lingua receptora. Neste caso dicimos que o préstamo sufriu unha naturalización gradual no galego. Pero as interferencias no nivel léxico non se producen soamente pola importación de lexemas. Os calcos, ou creación de neoloxismos a imaxe de palabras da segunda lingua, fanse sempre a partir de elementos léxicos preexistentes na lingua receptora. Un último fenómeno é a incorporación de novos significados a palabras da propia lingua, sexa por contacto de palabras etimolóxicas ou foneticamente próximas («falsos amigos») ou sexa por extensión de tódalas acepcións dunha palabra da lingua de saída á palabra que traduce só algunha desas acepcións na lingua de chegada.

O galego que estamos a analizar a penas presenta interferencias no nivel fonético-fonolóxico, por-

que a incorporación de palabras se fixo habitualmente mediante un proceso de adaptación ó sistema da lingua nai. Por iso no segundo apartado describo as correspondencias entre os fonemas franceses e os galegos que os adaptan.

O mesmo podemos dicir da adaptación morfolóxica. Tamén neste segundo grao de adaptación observamos unha tendencia a que as palabras francesas sexan sometidas ós procedementos derivativos ou gramaticais do galego e non ó contrario. Segundo este feito, no terceiro apartado presento a relación de morfemas galegos aplicados ás palabras francesas importadas e os poucos morfemas franceses que introducen peculiaridades no galego estudiado.

Por último, as escasas interferencias sintácticas presentan, ó contrario que nos niveis anteriores, unha marcada influencia do francés sobre o galego.

III.2. ANÁLISE LINGÜÍSTICA:

III.2.1. Nivel léxico-semántico

Clasifico o material deste nivel con dous criterios diferentes. En primeiro lugar, polo tipo de adaptación, segundo a base teórica precedente. E por outra banda, dentro de cada un destes tipos, fago unha clasificación temática a partir do exame semántico dos datos.

–**Préstamos:** a maioría pertencen ó léxico de uso doméstico ou cotián, no que podemos sinalar un gran grupo de palabras relacionadas coa alimentación ou a limpeza: *xigó* (<gigot), *gató* (<gâteau), *sumón* (<saumon), *xu* (<jus), *puabre* (<poivre), *pixá* (<pizza), *marxé* (<marché), *magasán* (<magasin), *vesel* (<vaisselle), *sabón* (<savon), *xifón* (<chiffon), *parfam* (<parfum); outro gran grupo de palabras de uso doméstico está relacionado co mobiliario e con outros obxectos: *canapé* (<canapé), *fotoi* (<fauteuil), *placar* (<placard), *cusán* (<coussin), *tapí* (<tapis), *ridó* (<rideau), *estiló* (<stylo), *raión* (<rayon), *buró* (<bureau), *tirbuxón* (<tire-bouchon); outras palabras de uso doméstico: *maladí* (<maladie), *tumbé par terra* (<tomber par terre), *polusier* (<pollution+poussière), *susi* (<souci)¹², *alerllí* (<allergie), *cofre* (<coffre) –préstamo anterior que adquire novo significado–, *buato-letres* (<boîte aux lettres), *blusón* (<blouson)

¹⁰ Estes elementos deixan de ser variacións libres no contexto do grupo analizado (Vogt, 1954:367).

¹¹ “Instances of deviation from the norms of either language which occur in the speech of bilinguals as a result of their familiarity with more than one language” (Weinreich, 1954:1).

¹² É frecuente a expresión “é moita susi”, “teño moita susi”.

«cazadora». Outros préstamos están relacionados co ambiente laboral dos falantes estudados: *turnavis* (<tournevis), *batimán* (<bâtiment), *piox* (<pioche). Tamén aparecen palabras propias da administración ou das relacións sociais características do mundo urbano: *merí* (<mairie), *cloxar* (<clochard), *rendivú/randivú* (<rendez-vous). É frecuente o emprego de elementos expresivos do francés sen ningunha adaptación: *maxen* (<machin), *ah bon!*, *mais oui!*, *n'importe quoi*, *tetú* (<têtu), *oh la la!*, *dis donc!*. E por último atopei elementos léxicos do francés con función gramatical empregados no galego: *vremón* (<vraiment)¹³, *mais, malgré ça, quand même*.

–**Naturalizacións:** é o apartado no que temos máis datos, porque a maioría dos elementos importados sufriron algún tipo de adaptación morfolóxica. A clasificación temática coincide coa do apartado de préstamos: grupo de palabras de uso doméstico ou cotián relativas á alimentación ou á limpeza: *carrotas* (<carottes), *pitipuds* (<petits-pois), *fromaxe* (<fromage), *baguete* (<baguette), *mutarda* (<moutarde), *poma* (<pomme), *tranxa* (<tranche), *pubela* (<poubelle), *croveta* (<crevette), *casarola* (<casserole); outro grupo de palabras relacionado coa distribución da casa, co mobiliario e con outros obxectos: *xambra/chambra* (<chambre), *cava* (<cave), *telecomanda* (<télécommande), *mañetoscopio* (<magnetoscope), *enrexistrar* (<enregistrer), *caseta* (<cassette), *xena* (<chaîne), *portativo/portable* (<portatif/portable)¹⁴, *prisa* (<prise), *xudiera/xudier* (<chaudière) –exemplo da gradualidade da adaptación–, *xofaxe* (<chauffage), *gamela* (<gamelles), *frixider/frixideira* (<frigorifère); outras palabras cotiás: *loxar* (<loger), *atentivamente* (<attentivement), *casqueta* (<casquette), *profitar/aprofitar* (<profiter), *curra* (<cour), *entamar*¹⁵ (<entamer), *demenaxar* (<déménager), *en pana* (<en panne), *cuafór* (<coiffeur), *casar* (<casser), *aproxar* (<approcher), *atirar* (<attirer), *blocar* (<bloquer), *regardar* (<regarder), *tampeta* (<tempête). O mundo laboral ou económico pertencen as palabras seguintes: *banca* (<ban-

que), *xomaxe* (<chômage), *prisa* (<prise), *menaxe* (<ménage), *retreta* (<retraite), *empresa* (<entreprise), *pubela* (<poubelle), *exafodaxe* (<échafaudage), *dimisionar* (<démissionner), *deboxar* (<débaucher), *xarxa* (<charge), *glisar* (<glisser) «esvarar» respecto ó chan mollado, *emboxar* (<embaucher) «contratar». No grupo da administración ou das relacións sociais temos: *greva* (<grève), *posta* (<poste). Por último hei de citar exemplos de elementos expresivos que sufriron algún tipo de adaptación: *conería* (<connerie), *etofar letofado* (<étouffer) «asfixiado».

–**Calcos:** a expresión *non importa qué* (<n'importe quoi) reproduce por tradución unha expresión moi repetida en francés, e que xa citei no apartado de préstamos. Por outra banda, atopamos calcos semánticos no campo doméstico e cotián: *barrete* (<baguette), *responder* (<répondre). Atopamos o calco da estrutura de palabras francesas en *reservación* (<réservation) e *quitanza* (<quittance), formadas a partir de dous elementos existentes no galego.

–**Desprazamentos semánticos:** no grupo de palabras de uso doméstico atopamos *facen a vesel* (<faire la vaisselle); tamén de uso moi frecuente son os seguintes exemplos: *pór un problema* (<poser un problème), *pasar á banca* (<passer à la banque), *deixar tumbé par terra* (<laisser tomber par terre) –perífrase causativa sobre o verbo deixar–, *ser contra algo* (<être contre), *facen coidado* (<faire attention), *facen un número* (<faire un numéro), *planeta Marzo* (<Mars), *tirar impresións* (<tirer) «sacar». O grupo de palabras relacionadas coa economía pertence *seguranza* (<assurance) –polo interferencia engádesse o sentido de «compañía de seguros», de «contrato» ó valor de seguridade ou protección que ten en galego¹⁶–. Palabras características do modelo social: *coller cursos* (<prendre) e *pór no correo* (<mettre à la poste). Moi interesante resulta a construción expresiva *xa depende* (<ça dépend) coa reinterpretación do pronome francés como o adverbio galego. E por último hei de mencionar neste apartado a extensión do uso do verbo «vir» a valores gramaticais ó dar lugar á perífrase aspectual *vir de* (<venir de) «acabar, rematar de», por tradución do recurso léxico do francés.

¹³ O préstamo nesta palabra pode ser unha proba do seu emprego gramatical fronte á naturalización da mesma en *atentivamente*.

¹⁴ As dúas variantes deste último exemplo están a medio camiño entre a naturalización e o calco porque o galego e o francés comparten o lexema, aínda que parece máis probable que se trate dunha adaptación da palabra completa.

¹⁵ Só nas fontes escritas.

¹⁶ Precisaríase máis investigación para estar seguros de que termos coma este existían xa no léxico desta comunidade antes da emigración e poder dicir que estamos ante un auténtico desprazamento semántico.

Dentro deste mesmo nivel léxico podemos incluí-los usos onomásticos, frecuente ámbito de análise de contacto entre linguas, e que na comunidade analizada se manifesta sobre todo nos nomes da segunda xeración. O feito máis habitual é o uso de nomes españois –non especificamente galegos– («Severino»). Os falantes de francés fan os hipocorísticos franceses: («Seve» [sɛv]), mentres que os galegos manteñen o español («Seve» [seβe]). A presenza de nomes franceses (Richard, Michel,...) está en relación cos diferentes graos de integración na sociedade francesa e de identificación coa súa cultura.

III.2.2. Nivel fonético-fonolóxico

Como xa dixen, as interferencias no nivel fonético e fonolóxico prodúcense case sempre a favor do galego. Isto quere dicir que na variedade lingüística que nos ocupa non atopamos préstamos de fonemas do francés, senón diferentes procesos de adaptación destes fonemas ó sistema galego. Debo sinalar, sen embargo, que na comunidade estudada detéctase a relación proporcional lóxica entre o nivel de aprendizaxe do francés e a reprodución dos alófonos franceses na pronuncia dos termos importados, de xeito que os individuos que alcanzaron un mellor nivel de francés tamén presentan unha maior incorporación de elementos fonéticos alleos ó galego.

En xeral, podemos afirmar que o complexo sistema francés de dezaseis vocais, queda reducido ás sete do galego. As catro vocais nasais son reproducidas normalmente por unha vocal non nasal e mais unha consoante nasal:

/ã/ presenta diferentes adaptacións: [an] [bati-man] (<bâtiment [batimã]), [randiβu] (<rendez-vous [Rãdevu]), [tran]a (<tranche [tRã]), [teleko-manda] (<télécommande [telekãmãd]), [banka] (<banque [bãk]), [kitanθa] (<quittance [kitãs]); [am]¹⁷ [cambra/ɰambra] (<chambre [ʃãbr(e)], [tampɛta] (<tempête [tãpɛt]); [en] [entreprisa] (<entreprise [ãtRepRiz]), <entamar> (<entamer [ãtame]), [enreɰistrar] (<enregistrer [ãReɰistRe]), [rendiβu] (<rendez-vous [Rãdevu]); [ɛm]¹⁸ [ɛmboɰar] (<embaucher [ãboɰe]), [ɛmpana] (<en panne [ã pan]); [on] [bremon] (<vraiment [vREmã]).

¹⁷ Asimilación da consoante nasal ó modo de articulación da consoante seguinte.

¹⁸ Cf. nota anterior.

/ɛ/ pode aparecer como: [an] [magazan] (<maga-sin [magazɛ]), [kusan] (<coussin [kusɛ]); [ɛn] [maɰɛn] (<machin [maɰɛ]).

/ɔ/ ten tamén dúas posibilidades: [on] [saβon] (<savon [savɔ]), [sumon] (<saumon [somɔ]), [iɰon] (<chiffon [iɰɔ]), [rajon] (<rayon [REjɔ]), [riɰbuɰon] (<tire-bouchon [riɰbuɰɔ]), [bluzon] (<blouson [bluzɔ]); [um] [tumbe] (<tomber [tɔbe]).

/oɛ/ só recollín un exemplo coa seguinte realización: [am] [parfam] (<parfum [paRfoɛ]).

As dúas vocais abertas do francés quedan neutralizadas nunha única vocal aberta: /a/-/ɑ/ > [a]: [tapi] (<tapis [tapi])- [kasar] (<casser [kase]).

A vocal anterior semipechada /e/ pronúnciase como semipechada galega [e] –[deboɰar] (<debaucher [deboɰe])- ou como pechada [i] –[dimisjonar] (<démisionner [demisjɔne])- por asimilación. A semiaberta anterior [ɛ] aparece como semiaberta [ɛ] ou como semipechada [e]: [kaskɛta] (<casquette [kaskɛt]), [retreta] (<retraite [RãtRɛt])¹⁹. A vocal media central /ɔ/ polo seu carácter neutro presenta realizacións diferentes dependendo, na maioría dos casos, do contexto: [e] [buatolɛtres] (<boîte aux lettres [buat-olɛtRɛ]); [a] [turnaβis] (<tournevis [tuRnɔvis]); [i] [pitipuas] (<petits-pois [pɔtipua]); [ɔ] [krɔβɛta] (<crevette [kRɔvɛt]).

Á vocal posterior semipechada /o/ conserva a mesma pronuncia nos elementos incorporados ó galego [o]: [riðo] (<rideau [Rido]), [ɰiɰo] (<gigot [ɰiɰo]). Pero existen exemplos de peche en [u], o mesmo que pasaba coa semipechada anterior: [ɰudjɛr] (<chaudière [ɰodjɛR]). A vocal posterior semiaberta /ɔ/ realízase como semiaberta [ɔ], correspondendo co fonema galego, ou como semipechada [o]²⁰: [karɔtas] (<carottes [kARɔt]), [loɰar] (<loger [loɰe]).

Unha última adaptación vocálica relevante atópase no elemento pechado redondeado /y/. Perde o redondeamento e pronúnciase como o pechado posterior [u]: [retu] (<têtu [tery]). O mesmo proceso presenta o exemplo seguinte co fonema semiaberto /œ/ > [ɔ]: [fotɔɰ] (<fauteuil [fotœɰ]).

¹⁹ Neste tipo de apreciacións é preciso recordar que as características do estudio non me permiten dar máis que unha aproximación ós sons escoitados. É por estes motivos que o estudio precisaría unha investigación máis rigorosa para validar definitivamente as conclusións.

²⁰ Cf. nota anterior.

Outra característica no nivel fónico é a prótase e a epéntese de vocais para desfacer grupos consonánticos alleos ó galego: [estilo] <stylo, [kasarola] <casserole, [kɔneria] <connerie.

Dentro do sistema consonántico o fenómeno máis característico é a adaptación dos fonemas palatais do francés. Os galego falantes neutralizan os fonemas fricativos palatais xordo /ʃ/ e sonoro /ʒ/ do francés no fonema xordo do galego /ʃ/: [mar]e] (<marché [maR]e]), [klɔ]ar] (<clochard [klɔ]aR]), [ʃud]e]r] (<chaudière [ʃod]e]R]), [ʃɛna] (<chaîne [ʃɛn]), [ɛmbo]a]r] (<embaucher [ãbo]e]), [ʃa]r]a] (<charge [ʃaR]ʒ]), [e]a]f ɔ]ða]e] (<échafaudage [e]a]foðɔ]ʒ]), [ʃofa]e] (<chauffage [ʃofɔ]ʒ]), [ʃoma]e] (<chômage [ʃomɔ]ʒ]), [frɔ]ma]e] (<fromage [frɔ]mɔ]ʒ]), [mena]e] (<ménage [menɔ]ʒ]), [demen]a]r]a] (<déménager [demenɔ]ʒe]), [fri]ʃi]ðe]ira] (<frigidaire [fri]ʒidɛ]R]), [ʃi]γo] (<gigot [ʒigo]), [enre]ʃi]strar] (<enregistrer [ãRɔ]ʒistRe]). Este elemento espállase de tal xeito que, cando o contexto é favorable, chega a substituí-lo fonema fricativo dental xordo /s/ : [ʃa] (<ça [sa]), aínda que neste caso a asimilación seguramente non é do fonema senón de toda a palabra francesa, reinterpretada como o adverbio galego «xa». Mesmo o grupo italiano [dz], que os franceses reproducen con certa fidelidade, é asimilado ó palatal xordo do galego: [pi]ʃa] (<pizza [pidza]). Sen dúbida este fenómeno constitúe unha das principais diferencias entre as adaptacións das verbas francesas ó galego e ó castelán. Sen embargo temos algúns exemplos de adaptacións diferentes: /ʒ/ > [ʎ] [a]l]e]r]ʎi] (<allergie [a]l]e]R]ʒi]), onde prevaleceu o carácter sonoro do fonema francés sobre o fricativo; e /ʃ/ > [ç] [ç]a]m]bra] (<chambre [ʃa]m]b]R]) e [çofa]e] (<chauffage [ʃofa]ʒ]), debido, ben á influencia da ortografía, ben ó contacto con castelán falantes, que empregan o alófono africado para adapta-lo palatal do francés.

Quedan aínda dúas diferencias entre os sistemas fonéticos do galego e do francés: o carácter uvular da consoante vibrante e a oposición xordo-sonoro do fonema labiodental (/ʃ/, /v/). No caso da vibrante, existe unha case absoluta correspondencia entre a uvular do francés /R/ e as alveolares simple [r] ou múltiple [ʀ] do galego: [me]ri] (<mairie [me]Ri]), [ka]ʀ]ɔ]tas] (<carottes [ka]Rɔ]t]). En canto ás labiodentais podemos falar dun fenómeno similar ó betacismo da tardía latinidade: confusión en calquera posición entre o fonema labiodental fricativo sonoro do francés e o alófono fricativo intervo-

cálico da bilabial oclusiva sonora do galego [β]: [tu]rna]βis] (<tournevis [tu]Rnɛ]vis]), [ka]β]a] (<cave [ka]v]), [pu]a]β]re] (<poivre [pu]a]v]R]).

Respecto dos rasgos suprasegmentais, a entoación ou acento da frase é un dos primeiros elementos adoptados. O acento de palabra, importado ó mesmo tempo que os lexemas e lexías, chega a afectar mesmo a unha parcela tan persoal como os nomes propios da familia: Víctor = [bi]ˈtor] na vez de [ˈbitor].

III.2.3. Nivel morfolóxico

Xa vimos na descrición do proceso de importación e adaptación de lexemas a tendencia do material lingüístico analizado a empregar os recursos morfolóxicos do galego. Tamén por analogía con algún destes elementos xurdiron os calcos xa enumerados. Por iso os exemplos deste apartado coinciden cos dos segundo e terceiro grupos de palabras presentadas no nivel léxico-semántico.

– Morfemas gramaticais nominais. Respecto do xénero hai dúas tendencias: a primeira solución é a conservación do xénero orixinal da palabra francesa mediante o uso do sufixo que corresponde a ese xénero en galego (proceso de naturalización). Todos os exemplos son de femininos²¹: *carrota, croveta, caseta, casqueta, retreta, tampeta, mutarda, telecomanda, poma, xena, tranxa, xarxa, pubela, gamela, casarola, xambra/chambra, prisa, empresa, cava, greva, curra, banca, posta, xudiera*. A segunda solución dáse cando a forma francesa se asimila por analogía fonética a un sufixo derivativo galego. Neste caso o xénero da nova palabra é o que corresponde a ese sufixo: *baguete* (m.) <baguette (f.). Veremos máis exemplos no apartado da derivación.

Tamén é frecuente a aparición do morfema de plural do galego: *pitipuás, carrotas, buato-letres*.

En canto ós morfemas verbais, o proceso máis habitual é o da flexión segundo o modelo da primeira conxugación regular do galego: *enrexistrar, loxar, demenaxar, aproxar, deboxar, emboxar, profitar/aprofitar* (o segundo caso adopta a estrutura léxica do galego «aproveitar»), *entamar, casar, atirar, blocar, regardar, dimisionar, glisar, etofar*. Tamén atopamos neste ámbito o proceso contrario: flexión dun lexema galego segundo o modelo

²¹ Nas adaptacións ó castelán si aparecen exemplos de masculinos: cf. torneviso fronte ó turnavis do galego.

da primeira conxugación francesa: *ésmaguer* por «écraser».

– Morfemas derivativos. O uso de sufixos característicos do galego con lexemas franceses é sen dúbida o feito máis diferenciador da variante de galego que estamos a ver aquí. O sufixo substantivador feminino *-axe*, que xa chegara ó galego dende o francés, servíulles ós emigrantes de punto de referencia na adaptación das palabras que deprenderon en París. Unha proba de que son adaptacións novas é o carácter masculino que presentan todas²²: *fromaxe*, *menaxe*, *xofaxe*, *xomaxe*, *exafodaxe*, fronte a «arboraxe» ou «plumaxe» (Álvarez, et al. 1992:96). A relación fonética explica tamén o emprego do sufixo de utensilio *-deira* nunha das palabras máis características do galego de París: *frixideira* comparable ás galegas «tapadeira» ou «regadeira» (Álvarez, et al. 1992:111). Con este sufixo e co seguinte volvemos a atopar cambio de xénero. O diminutivo *-ete* (cf. «molete») aparece nos dous graos de adaptación de *baguette*: *baguete* e *barrete* (Álvarez, et al. 1992:88). Gracias á existencia en galego do sufixo de abstractos *-nza*, a palabra francesa «quittance» reinterpreta-se como abstracto do verbo «quitar»: *quitanza*, cunha estrutura proporcional á de semellar: *semellanza* (Álvarez, et al. 1992:126). No caso de *cuafor* a realización [o] do fonema [œ] non ten razóns fonéticas; trátase da asimilación do formante francés ó sufixo de axente galego *-or* («defensor») (Álvarez, et al. 1992:111). O mesmo fenómeno aparece en *responder*, aínda que neste caso a asimilación se fai co sufixo de instrumento *-dor* («coador») (Álvarez, et al. 1992:111). O sufixo caracterizador *-ivo* aparece en exemplos como *portativo* (cf. «deportivo», «selectivo») (Álvarez, et al. 1992:114). En *conería* vémo-la substitución do derivativo francés polo galego *-ería* (RAG, 1996:69). O *mañetoscopio* segue o exemplo castelán para adapta-lo formante grego.

O caso contrario, a adaptación dun morfema francés a un lexema galego é menos frecuente, pero existe: *pistille* por «poignée», a partir de *pestillo* (variante dialectal do actualmente normativo *pestilo*).

Na formación dos adverbios modais o galego substitúe o sufixo *-ment* por *-mente*, dándolle tamén a formación de feminino ó adxectivo prece-

dente se é preciso: *atentivamente* (Álvarez, et al. 1992:443).

III.2.4. Nivel sintáctico

O francés e o galego son linguas tipoloxicamente moi próximas con escasas diferencias na súa estrutura sintáctica. As poucas interferencias atopadas neste nivel son trazos do francés adoptados no galego. O feito de que sexan as unidades dos niveis léxico e sintáctico as que o galego toma máis doadamente do francés permitiría falar da estreita relación que existe entre estes dous niveis. As consecuencias que esta relación presenta no fenómeno do contacto lingüístico podería ser obxecto doutro artigo. Dentro do ámbito da sintaxe temos interferencias en dous niveis diferentes.

En primeiro lugar é frecuente o calco da estrutura con función pragmática focalizadora chamada en francés «mise en relief»: *son eses señores que forman a nova directiva, non é el que a colle*.

Por outra banda podemos falar de dous mecanismos de modificación da estrutura actancial dos verbos: un verbo do galego pode verse afectado por un calco sintáctico ou de réxime: *decidir de*. Pero é máis frecuente aínda que os desprazamentos semánticos vistos antes, introduzan unha modificación sintáctica no uso dos verbos galegos afectados, que consiste normalmente nunha ampliación dos complementos posibles: *pór* [+ no correo («votar ó»), un problema («formular»)], *facer* [+ a vesel («fregar»)], un número («marcar»), coidado («ter»)], *ser* [+ contra algo («estar»)], *coller* [+ cursos («facer»)], *tinar* [+ impresións («sacar»)], *pasar* [+ á banca («ir»)], *deixar* [+ tumbe (perífrase causativa)].

IV. REFLEXIÓN SOBRE AS CAUSAS DAS INTERFERENCIAS ESTUDIADAS

En toda situación de bilingüismo podemos atopar fenómenos de interferencias provocadas pola economía lingüística que rexe o constante cambio de código. Trátase pois dun feito máis ben psicolóxico baseado en condicións extralingüísticas (Vogt, 1954:368). O material descrito no apartado III.2, especialmente no nivel léxico-semántico, responde a tres tipos de razóns extralingüísticas: en primeiro lugar a situación socioeconómica condicionou en

²² Xa dixera, ó falar do xénero, que a derivación era outro dos motivos de cambios nesta categoría.

boa medida as palabras que os falantes tiveron que importar. «On n'emprunte raisonnablement que ce dont on manque» (Deroy, 1956:137). As necesidades prácticas e materiais dos falantes seleccionan o léxico adoptado, o que nos permite a nós, dende unha perspectiva etnolingüística, chegar a deducir cal foi a vida destes galegos a partir do estudio do léxico francés incorporado. A clasificación temática presentada no parágrafo correspondente é unha boa proba de que os ámbitos laborais maioritarios dos emigrantes foron os do servizo doméstico (*menaxe, pubela*) e o da construción (*turnavis, batimán, piox, exafodaxe*). A situación social que viviran en Galicia tivo as mesmas consecuencias: moitas realidades do mundo urbano e moitos obxectos que coñeceron ó chegaren a Francia tiveron sempre para eles nome francés: *xudiera/xudier, mañetoscopio, enrexistrar, xofaxe, frixider/frixideira, xena, portativo/portable, xomaxe, empresa, dimisionar, deboxar, emboxar, greva*. Unha proba importante da influencia das condicións sociais sobre a competencia lingüística nunha situación de bilingüismo é o feito, confirmado por algunhas das persoas entrevistadas, das dificultades que tiveron durante moito tempo para entender e seguir unha película en castelán na televisión, xa que eles asociaron sempre a televisión ó francés. A segunda razón extralingüística das interferencias é a das necesidades expresivas. A carencia de referente neste tipo de expresións facilita o intercambio entre linguas. O falante soamente precisa unha sucesión de sons expresivos, e o contacto diario cos falantes franceses proporcionoulle unha chea deles. Por último, ese mesmo contacto diario explica a adopción de moitos termos cotiáns. As dúas últimas forman parte das que Deroy chama «*raisons du coeur*» ou subxectivas (Deroy, 1956:171). Sen dúbida neste mesmo grupo de causas hemos de situar a da actitude que os falantes mostraron cara á aprendizaxe do francés. As enquisas realizadas a tres matrimonios confirmaron o que os datos poñen de manifesto: a relación dos emigrantes con Francia nun primeiro momento foi soamente laboral. Nese sentido a aprendizaxe do francés era un esforzo comercial a cambio do traballo, e non tiveron unha verdadeira motivación para aprendelo ata que os fillos non foron á escola e non se deron de conta de que a súa estancia en París duraría máis do que pensaran ó principio. Pero nese momento o sociolecto da comunidade xa estaba creado nas súas liñas principais.

Sen embargo os condicionamentos sociolingüísticos e os psicolóxicos non bastan para dar conta de tódalas interferencias analizadas. Independentemente destas características a tipoloxía das linguas en contacto determina o tipo de interferencias que se producen entre elas. Este tipo de interferencias por motivos lingüísticos aféctanlles sobre todo ós niveis fonético e gramatical. A mesma orixe latina do galego e do francés determina unha proximidade tipolóxica que favorece, por exemplo, os fenómenos de intercambio fonético (Weinreich, 1953:25), como vimos no caso da adaptación das palatais do francés ó galego. No nivel morfolóxico hai dúas razóns para o diferente grao de adaptación morfolóxica que observamos *no material presentado e que nos permitiron clasificarlo en préstamos ou en naturalizacións: o uso e a similitude morfolóxica co galego*. Unha palabra moi usada tende a ter unha maior adaptación. Pero sempre dependendo do grao de admisibilidade que teña a construción para un falante de galego: se a simple adaptación fonética non resulta allea ó galego non é necesario alterar a estrutura morfolóxica da palabra (*batimán*). Tamén vimos que a mesma etimoloxía pode favorecer a asimilación de morfemas derivativos: *-iuus> -ivo /-if; -aría> -erfa/-erie*.

Por último non podemos esquecer nesta análise as condicións intelectuais dos individuos. A educación básica recibida en Galicia e a posibilidade de estudar francés que tivo cada un determinaron en cada caso a capacidade de adquisición da competencia lingüística en francés, feito que é inversamente proporcional á cantidade de erros cometidos ou á mestura de elementos das dúas linguas para cubri-las necesidades expresivas. O proceso de adaptación fonética, por exemplo, vese acelerado ó careceren os falantes do filtro conservador da lectoescritura.

V. CONCLUSIÓNS

A análise dos datos e das causas das interferencias pon diante de nós a descrición da situación lingüística dunha determinada comunidade de emigrantes galegos en París dende distintos puntos de vista. Descripción podemos extraer conclusións relevantes en diferentes sentidos.

Dende unha perspectiva estritamente lingüística os procesos de naturalización e calcos son pro-

bas da produtividade do galego dos emigrantes que foron a París e que reinterpretaron o francés deprendido alí a partir das características da súa lingua nai. Por outra banda, o feito de que eu teña podido analizar estes fenómenos a partir da bibliografía baseada no galego normativo demostra, alén das valoracións subxectivas sobre a identidade dese galego normativo, que o sistema descrito polas gramáticas actuais corresponde en boa medida –salvando as variacións diatópicas– coa lingua productiva falada polos galegos das aldeas de Ourense hai máis de trinta anos²³.

En canto ó nivel de asimilación das interferencias polos falantes, non podemos detectar que sexa total, porque non temos na mostra individuos monolingües que as adoptasen, probando así que non son erros aleatorios dos bilingües. Pero a incorporación destes galicismos ó galego dos que menos francés deprenderon é un indicio de que esta asimilación foi importante.

Este artigo tamén pretende aclarar en qué medida a situación sociolingüística dos emigrantes galegos en París condicionou a adquisición do seu francés e introduciu novidades no seu galego. Esas condicións explican, e ás veces xustifican, as peculiaridades da fala destes emigrantes, sociolecto característico dunha comunidade que leva no seu xeito de falar o reflexo da súa historia. Este feito é problemático na medida en que xera un círculo vicioso: chega un momento no que o individuo se sente incapaz de mellora-lo seu francés. Por outro lado os defectos da súa competencia son obstáculos para a integración na sociedade francesa, e esa falta de integración non lles permite seguir mellorando.

Este círculo vicioso pode romperse por medio dunha actuación pedagóxica, que é outra das conclusións ás que trataba de chegar con este artigo: a comunidade receptora, con motivos para estar interesada na integración dos traballadores que recibe, debe dar en moitos casos o primeiro paso de aproximación ás comunidades inmigrantes e ofrecerlles recursos para deprende-la súa lingua. Segundo a situación descrita en París, o labor edu-

cativo dos inmigrantes ha de comezar pola creación neles da necesidade comunicativa cando as súas circunstancias non llea fagan sentir. Igualmente importante é motivar neles unha actitude favorable ó estudio dunha segunda lingua que eles só ven como fonte de ingresos económicos.

Os erros dos que se riron sempre os fillos dos emigrantes, interferencias que todos coñecemos e cometemos ó estarmos integrados nunha comunidade de fala allea, son probas importantes para a comprensión do proceso de adquisición dunha segunda lingua. No caso dos exemplos estudados neste artigo, pertencentes a xentes que deprenderon segundo as condicións sociais que se lles foron presentando en cada momento, son, ademais, un valioso testemuño das condicións de aprendizaxe natural desa segunda lingua e, tal vez, precisamente por iso, tamén o sexan da aprendizaxe natural da lingua materna.

Para rematar quero valora-la posibilidade de xeneralizar estas conclusións. En primeiro lugar podo afirmar que a situación social descrita aquí é característica da maioría dos emigrantes e que a actitude cara ó francés dos que viven esta mesma situación é parecida. Ademais, segundo os datos presentados no apartado II do artigo, a orixe ourensá dos individuos consultados é representativa da orixe da maioría dos galegos en París, o que quere dicir que a consideración doutras variantes diatópicas do galego materno dos emigrantes non introduciría novidades moi relevantes nestas conclusións. Sen embargo hei de admiti-la deficiencia das fontes empregadas. Sen dúbida, a estancia en París non foi abonda para atopar todo o material de estudio que me permitise extraer conclusións estatísticas máis fiables. Pero, a pesar diso, quixen deixar constancia dos feitos observados e invitar a un estudio máis profundo a quen dispoña de tempo e acceso a unha maior variedade de emigrantes galegos noutros territorios franceses para engadi-las valoracións comparativas necesarias neste tipo de estudos. Espero, polo menos, ter dado unha visión obxectiva da comunidade descrita e, sobre todo, ter creado o interese por profundar na situación do galego fóra de Galicia, tan suxeita, como coido que quedará claro trala lectura deste artigo, ás características sociolóxicas vividas por cada comunidade. Non podemos dicir que esas características sexan as mesmas en cada caso, pero si é evidente que o recurso á perspectiva de análise sociolingüística ou etnolingüística dá bos resultados neste tipo de estudos.

²³ Cf. a reflexión feita por Ramiro Fonte ó falar do galego de Londres e a súa relación coas conclusións deste traballo: “Os sociolingüistas que buscan identidades, deberían decatarse que a lingua non está máis vencellada ó territorio cá familia, e que esas liñas dialectais saltan polo aire nas grandes cidades de Europa, onde seguen vivas”. (Fonte, 2000:21).

VI. BIBLIOGRAFÍA

- Alonso Estravís, I. (1995), *Diccionario da lingua galega*, Santiago de Compostela.
- Álvarez, R.-Regueira, X.L.-Monteagudo, H. (1992³), *Gramática galega*, Vigo.
- Deroy, L. (1956), *L'emprunt linguistique*, París.
- Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo.
- Ferreiro, M. (1996), *Gramática histórica galega*, Santiago de Compostela.
- Fonte, R. (2000), «Crónica en branco e negro. Emigrantes en Londres», *Tempos Novos*, 39:16-27.
- García Fernández, B. (1985), *El bilingüismo hispano-francés de los niños españoles escolarizados en Francia (especificidad estructural e interferencias en el habla bilingüe)*, Tese inédita, Universidade de Oviedo.
- (1988), «Especificidad estructural, léxica y sintáctica del habla del bilingüe (dominio franco-español). Análisis cuantitativo del discurso», *Revista de la Sociedad Española de Lingüística*, 18 (1):1-30.
- Gómez Capuz, J. (1998), *El préstamo lingüístico. Conceptos, problemas y métodos*, Valencia.
- Mackey, W.F. (1976), *Bilinguisme et contact des langues*, París.
- Perdue, C. (1995), *L'acquisition du français et de l'anglais par des adultes*, París.
- Petit Robert 1. *Dictionnaire de la langue française*, París.
- Quilis, A. (coord.) (1981), *¡Vamos a España! Repertorio de galicismos*, Madrid.
- Real Academia Galega, Instituto da lingua galega (1996¹⁵), *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo.
- Vilar, K. (1995), *Lengua y emigración. Estudio sociolingüístico de los procesos diglósicos entre los jóvenes españoles en Alemania*, Granada.
- Vogt, H. (1954), «Language Contacts», *Word*, 10:365-74.
- Weinreich, U. (1953 [1963²]), *Languages in contact. Findings and Problems*, La Haya-París.
- www.chez.com/cegal (Centre d'Études Galiciennes de la Sorbonne).